

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO DO 3 DE OUTUBRO DE 2020, QUE MODIFICA A INSTRUCCIÓN DE 17 DE SETEMBRO DE 2020 SOBRE MEDIDAS APLICABLES AO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI) DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AO SARS-CoV-2

A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado ditou unha instrución o día 17 de setembro de 2020 sobre medidas aplicables ao persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo en situación de vulnerabilidade ao SARS-CoV-2, nas que se recollían as condicións establecidas para a impartición de docencia por parte do PDI clasificado vulnerable. Dentro do procedemento de seguimento continuo da evolución da pandemia, tanto na propia universidade como nas súas zoas de influencia, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) informou que aínda que o nivel de risco comunitario considerado polo Ministerio de Sanidade segue a ser baixo ou moi baixo, polo que todos os grupos vulnerables considéranse un nivel de risco 1 (NR1), a situación actual recomenda incrementar o nivel de protección e prevención respecto do persoal incluído nas dúas clasificacións de vulnerabilidade individual máis elevada, co obxectivo de garantir, na medida do posible, a seguridade no contorno laboral. Á vista desta recomendación, ditase a presente instrución, que deixa sen efecto os apartados primeiro e segundo da citada instrución de 17 de setembro de 2020:

Primeiro.- O persoal especialmente vulnerable en relación á infección de SARS-CoV-2, poderá realizar a súa labor docente de xeito non presencial, impartindo docencia a distancia desde o seu despacho ou calquera outra dependencia universitaria que reúna as condicións sanitarias requiridas, así como desde o seu domicilio, sempre e cando dispoña dos elementos técnicos necesarios para facelo, cando no seu informe de vulnerabilidade figure algunha das seguintes indicacións:

- Só pode traballar nos niveis de risco NR2, NR3 e NR4 se é posible que traballe nunha zona sen contacto con posibles sintomáticos.
- Non pode traballar nos niveis de risco NR2, NR3 nin NR4.

No caso de que este persoal decida voluntariamente realizar a súa labor docente de xeito presencial, deberá facelo cumprindo as medidas recomendadas polo SPRL



Este persoal deberá comunicar á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado (vicprof@uvigo.es) a forma en que vai desenvolver o seu traballo. Tamén deberá comunicalo á dirección do seu departamento e ás direccións ou decanatos dos centros nos que imparta docencia para que tomen as medidas oportunas.

Segundo.- Esta medida abranguerá o primeiro cuadrimestre do curso 2020/21, sen prexuízo de posteriores instrucións que poidan ditarse en función da evolución da pandemia e das medidas recomendadas polas autoridades sanitarias.

